

# NOME CIENTÍFICO

*Cydonia oblonga*

## Descrición:

É unha árbore froiteira emparentada coa pereira e a maceira. O seu tronco é tortuoso e pode acadar unha altura duns 7 metros aproximadamente.



51

**As súas flores** teñen uns 3 centímetros de diámetro e son de cor branca ao nacer, mudando a rosadas pouco despois.

**Familia:** Rosaceae

**Orixe:** Sudoeste de Asia, na zona do Cáucaso

**Nome común:** Marmeleiro



52



54



53

**As súas follas** son caducas, miden uns 4 centímetros de longo e nacen de cor verde. A súa cor vai mudando ao púrpura a medida que avanza o ano.

**O seu froito**, denominado marmelo, ten forma de pera aínda que maior. É amarelo ou dourado e a súa polpa é moi aromática.

# *Cidonia oblonga*

## Hábitat

En Europa os marmeleiros son cultivados na zona central e sur, onde as temperaturas son o suficientemente cálidas como para permitir o desenvolvemento do froito. Habitualmente non crecen en grupos numerosos, aparecendo en grupos mesturados con outras clases de froiteiros.

## Usos ou propiedades

Culinarios na súa maior parte. Ten unha grande cantidade de pectinas (substancias utilizadas como espesantes) polo que se emprega para a elaboración de marmeladas, cuxo nome procede do marmelo, e confeituras.

## Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

## Curiosidades

A palabra orixinal de *marmelo* orixinou unha das palabras de orixe galega máis difundidas entre tódalas linguas do mundo: *marmelada*, que se espallou a linguas coma o castelán “*mermelada*” ou o inglés “*marmalade*”. En Turquía a expresión “*ayvayı yemek*” que literalmente significa “comer o marmelo” é utilizada para describir unha situación molesta. Cando nace un bebé nos Balcáns, tradicionalmente se planta un marmeleiro como símbolo de amor e longa vida.